

CONSELLO ASESOR:

ANTON COSTA - MODESTO

HERMIDA - MANUEL JANEIRO

- ANTON LAMAPEREIRA -

RAFAEL OJEA - MIGUEL

VAZQUEZ FREIRE



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO II- N.º 88

Tema para debate

Os conservatorios en España

A.L.P.

O ensino artístico en España, e concretamente o de música, necesita unha profunda reforma. Ningunha administración entrou ata agora no tema e o único que se fai é poñer remendos o que xenera máis problemas.

O último Reglamento para este tipo de ensino data do ano 1966, cando compriria a unha Lei que dunha vez por todas clarificase a situación.

O ensino da música estruturase en tres niveis: elemental, medio e superior. Os conservatorios poden ter calquera destas categorías. Agora ben, nos centros dun determinado nivel —sexan estatais ou privados— pódense impartir as ensinanzas do grado correspondente e inferiores. Como consecuencia desto, os Conservatorios Superiores atópanse masificados sobre todo cando na mesma provincia non hai centros adicados exclusivamente ó nivel elemental, ou se os hai, son privados e polo tanto máis caros.

OS ESTUDOS

¿Cáles son as condicións necesarias para iniciar estudos nun conservatorio?

Para cursar o grado elemental é imprescindible ter cumpridos os oito anos de idade e xustificar que se están a cursar os niveis educativos correspondentes a esa idade.

Rematados os estudos elementais que abarcan ata 4.º de solfeo e aproximadamente a metade dos cursos do instrumento elixido, e con trece anos como mínimo pode pasarse ó grado medio. O grado superior ché-



gase tendo superado os anteriores, cumpridos xa os dezaseis anos, e tendo aprobados os estudos necesarios para obter o título de profesor. Por exemplo: a carreira de piano pode durar dez anos de intensa dedicación; son dez cursos do instrumento propiamente dito, con cinco de solfeo, dous de conxunto coral, tres de armonía, tres de acompañamento, tres de música de cámara e un de estética, historia da música e historia da cultura.

A falla de definición concreta nas ensinanzas artísticas amosase en que ata fai moi pouco tempo a pesar de ser unha carreira longa, xente que

remataba o grado superior dun Conservatorio, non podía impartir clases de música en BUP.

MASIFICACION E DEIXAMENTOS MASIVOS

Segundo os datos que obran no meu poder existen en España 11 conservatorios estatais de música 5 centros non estatais, ademais de 44 centros adscritos ós anteriores onde os alumnos só teñen que acudir ó centro oficial para facer un exame que revalice os seus estudos para pasar dun grado a outro. Tamén existen moitas academias autorizadas onde o alumno debe examinarse

sempre no conservatorio.

A matrícula total no curso 1981-1982 foi de 168.341 alumnos dos que un 40% estaban en centros de grado superior, un 42% nos de grado medio e un 11% nos elementais.

Ora ben a correlación é inversa cando observamos os estudos que cursan: é dicir, un 77% son de grado elemental, un 21% do grado medio en só un 2% cursan os estudos superiores.

A distribución do alumnado é dunha premente maioría nos primeiros cursos. Os deixamentos prodúcense xeralmente nos pasos dun grado ó outro o que indica que moitos dos escolantés non teñen fortes motivacións profesionais pretendendo só adquerir uns coñecementos superficiais para tocar un instrumento no tempo libre (debe facerse esto nun Conservatorio?); se a isto se engade que a maior parte dos alumnos están entre os oito e trece anos poderíase concluir que **moitos dos nenos que comencan a estudar música fanno sen vontade propia e porque non teñen oportunidade de coñecer por se mesmos na escola o mundo da música e polo tanto de optar por ela cara a unha posterior profesionalidade.**

PROVINCIAS CON MAYOR NUMERO DE ALUMNOS

	CENTROS		ALUMNOS (grado elemental y medio)				
	Estatales	No estatales	Grado elem.	Grado medio	Grado sup.	Matrícula ofic. y libre	Matrícula oficial
Barcelona .	—	8	4	2	2	20.473	9.958
Guipúzcoa .	—	1	—	—	1	15.181	3.967
Vizcaya . . .	—	1	—	1	—	14.064	2.366
Madrid . . .	1	2	1	1	1	10.438	8.025
Valencia . .	1	—	—	—	1	8.892	4.732
Zaragoza . .	—	1	—	1	—	7.330	3.611
Sevilla	1	—	—	—	1	6.032	5.218

Informe

O Conservatorio de Música de Vigo

ANTON LAMAPEREIRA

O Conservatorio de Vigo que na actualidade imparte xa o grado superior, depende en canto ó seu rexime de estudos da Xunta de Galicia.

No presente curso 1984-1985 contan cunha matrícula de 3.470 alumnos e nel impartense as seguintes ensinanzas: Solfeo, Piano, Violín, Viola, Guitarra, Gaita, Trompeta, Saxo, Clarinete, Armonía, Historia e Estética da música, Pedagogía, Conxunto coral e clases de profesorado.

Están pendentes de aprobación: Violoncelo e Flauta Travesera.

Segundo Julia Costas Vázquez, profesora de Piano, subdirectora e coordinadora das "Aulas de Extensión", dependen do Conservatorio de Vigo as seguintes filiais onde se pode impartir só o grado elemental: **Valladares** (124 alumnos coas especialidades de Solfeo, Piano e Vento) **Cangas** (178 alumnos. Solfeo e Piano) **A Guarda** (192 alumnos. Solfeo e Piano) **Ponteareas** (187 alumnos. Solfeo, Piano, Gaita, Vento e Guitarra) **Redondela** (149 alumnos. Solfeo e Piano) **Gondomar** (70 alumnos. Solfeo, Piano e Guitarra) **Porriño** (135 alumnos. Solfeo e Piano).

As condicións para que poda ir adiante a solicitude de converterse un centro en filial do Conservatorio son que aquel teña un número mínimo de alumnos, que non esté moi perto doutro centro filial e que exista un acordo plenario do Axuntamento que o solicite conforme se compromete ó seu mantemento. Os profesores destes centros deben pasar unha



proba de selección. E será o Consello de Dirección do Conservatorio formado por catro representantes do Axto. de Vigo, a Dirección, Xefatura de Estudos, 2 profesores, 3 alumnos e un segredario quen decida sobre a solicitude.

A categoría de Conservatorio Superior do centro de Vigo, que segundo as miñas informacións é o único en Galicia, supón na opinión de dous alumnos de grado medio cos que conversei, unha serie de problemas: De súpeto subiu o nivel de esixencia o que implicou un ex-

cesivo número de suspensos no paso dun grado a outro. Entenden estes alumnos que debe existir un maior nivel de acordo coa nova categoría que ten o conservatorio, máis que esto debe facerse progresivamente máxime cando se arrastran as consecuencias dos vellos métodos utilizados por algúns dos profesores. Valoran como positiva a entrada dos novos profesores recentemente incorporados ó Centro.

Coidan os alumnos que debería existir unha maior orientación de instrumentos;

o número de matriculas para piano é moi superior a os demais instrumentos e esto sucede, na súa opinión, porque ademais da falla de orientación pedagóxica indicada anteriormente, moitos nenos e nenas matriculanse en piano forzados ou grandemente condicionados polos seus pais.

"Cando morra a miña nai, rompo o piano que teño na casa". A frase está dita por un rapaz matriculado en piano no Conservatorio e aínda que non é máis que unha triste anécdota, é coido eu, moi significativa da situación.

A alternancia dos estudos normais de bacharelato cos dos Conservatorio sobre todo no grado medio, resulta moi dura para os xóvenes que ademais da enorme cantidade de asignaturas que teñen no curriculum escolar, teñen que adicarlle varias horas ó instrumento elexido. O problema agrávese coa xente que non reside en Vigo xa que o transporte dende o lugar onde residen ata o novo centro do Castro supón un tempo excesivo.

Existe evidentemente un problema de transporte, dada a ubicación do conservatorio, que debería resolverse.

A masificación é outro dos problemas indicado polos alumnos non é exclusivo de Vigo senón de todos os conservatorios públicos do Estado segundo pode verse noutro artigo desta mesma "Pizarra". Apuntan, os alumnos, como unha posíbel solución a esixencia dalgunha condición de entrada.

ENSEÑANZA OFICIAL

NUMERO DE ALUMNOS, PERSONAS FISICAS, CURSO 1.983 - 84

Años de edad	GRADO ELEMENTAL			GRADO MEDIO			TOTAL GENERAL
	Mujeres	Varones	Total	Mujeres	Varones	Total	
8	151	113	264	-	-	-	264
9	130	100	230	-	-	-	230
10	153	117	273	-	-	-	273
11	160	110	270	-	-	-	270
12	138	124	262	6	2	8	270
13	142	85	227	23	4	27	254
14	100	75	176	20	8	28	204
15	69	69	138	30	7	37	175
16	50	55	105	16	11	27	132
17	41	33	74	15	9	24	98
18	23	24	47	12	9	21	68
19	28	19	47	6	6	12	59
20	13	12	25	6	4	10	35
21	22	10	32	8	5	13	45
22	20	7	27	6	4	10	37
23	13	8	21	1	2	3	24
24	17	10	27	4	1	5	32
25 y más	187	145	332	35	21	56	388
TOTAL GENERAL	2.577			281			2.858

ENSEÑANZA LIBRE

NUMERO DE ALUMNOS, PERSONAS FISICAS, CURSO 1.983 - 84

Años de edad	GRADO ELEMENTAL			GRADO MEDIO			TOTAL GENERAL
	Mujeres	Varones	Total	Mujeres	Varones	Total	
8	9	1	10	-	-	-	10
9	9	4	13	-	-	-	13
10	12	10	22	-	-	-	22
11	19	10	29	-	-	-	29
12	11	11	22	-	-	-	22
13	22	20	42	4	1	5	47
14	14	22	36	1	-	1	37
15	19	12	31	4	2	6	37
16	14	16	30	4	1	5	35
17	11	24	35	2	-	2	37
18	10	12	22	4	2	6	28
19	4	10	14	5	1	6	20
20	2	6	8	-	4	4	12
21	1	2	3	-	1	1	4
22	-	4	4	-	3	3	7
23	-	1	1	1	4	5	6
24	-	1	1	-	-	-	1
25 y más	11	11	22	5	9	14	36
TOTAL GENERAL	343			58			403

Xogos



Ajedrez

FCO. CARRERA PEREZ

Mate con piezas menores

Las piezas menores tienen la misma fuerza atacando que defendiendo. Generalmente es muy difícil dar mate solo con alfiles o caballos, y para complementar su acción intervienen las piezas mayores ayudando a acorralar al rey.

En la posición del diagrama 3 piezas y la dama atacan al rey negro que está muy expuesto y mal colocado. El rey está defendido por 3 piezas menores negras y si logra escapar del ataque ganarán la partida por la torre que llevan de ventaja.

Las blancas deben dar mate por encima de todo, aun perdiendo la dama.




DIAGRAMA 16 MATE EN 2

Sol. al ant.: 1. Dh7+ R.h7 2. T.g7+ Rh8 3. Th7+ Rg8 4. Tbg7 mate.

A xanela



EL HOMBRE QUE COMPRO UN AUTOMOVIL de Wenceslao Fernández Flórez. Colección "Tus libros". EDICIONES GENERALES ANAYA.


Cuando Fernández Flórez escribió esta novela, la civilización del automóvil estaba aún en su fase idílica. Por eso sorprende tanto la inquietante profecía del mundo que se avecinaba, un mundo poblado de "seres mecánicos que se mezclan en nuestra vida, coexisten con nosotros, nos entorpecen o nos ayudan y hasta nos matan". Si en el cuerpo de la novela predominan la ironía, la caricatura, la hipérbole y el sarcasmo, capaces de excitar la hilaridad del lector, el Colofón se tiñe de tonos sombríos, e incluso trágicos, y la ironía se diluye en amargura ante la visión caótica y absurda de un mundo insospechadamente cercano.

A Pizarra




Coleccionable
para os moiros pequenos


N.º 31

Complemento de «A Pizarra» de FARO DE VIGO - ANO II Domingo, 18 de agosto de 1985









Viaxe ao «Teixadal»





LOLA BLANQUEZ




O Teixadal

CALO IGLESIAS

O albogo de teixos máis grande de Europa

Poucos galegos coñocen "O TEIXADAL", un albogo de teixos milenario, o máis grande de Europa, nas estribación do **Macizo de Trevinca**. Eu tiven a boa ocorrencia de visita-lo. ¿Por qué non vos animades?

Dende O BARCO DE VALDEORRAS (mirade ó mapa) collemo-la estrada que vai cara a Ponferrada e, ós poucos kilómetros, no lugar de Sobradelo, desviamos á dereita pola estrada local que sube a CASAIO. A estrada é filla das explotacións pizarreiras que anchean o fondo cincento dos vales, a medida que os mineiros morden a serra. Unha mole pizarrosa está a piques de desprenderse e esmagar as casoupas, xa abandonadas, que un día gardaron as fardelas e apetrechos dos traballadores.



Á tardiña chegamos a CASAIO, onde morre a estrada mirando ó MACIZO DE TREVINCA. Teño que decirvos que, a máis de O TEIXADAL, tencionamos subir á PENA TREVINCA NORTE (2.098 metros), o cumio galego do Macizo, uns metros máis baixiño que PENA TREVINCA SUR (2.124 metros), limite entre Ourense e Zamora.

A "fame de serras" que colleitamos cós airiños da subida algarea polo bandullo e pola imaxinación; decidimos darlle inmediata resposta no hostel "O Teixadal". A cea é un reloucar de caldo, empanada de raxo,

queixo e maílo tinto "Alvar". E a dormir.

A mañán soleada trae novos reloucos nun mantel de ovos fritos con xamón, fruta e café. Xa aconsella sabiamente o libro/refraneiro "De papalóns e camiñantes" (autor anónimo) que "Antes das fatigas, coida das barrigas". Eu, que coído paternalmente desta expedición, miro con simpatía e benevolencia os almorzos dos meus compañeiros de fatigas cós que tentarei de chegar hoxe O TEIXADAL, a base de peito e pernas.

Manolo González, o dono do Hostel, fixéranos un croquis perfecto para achegármolos a ese milenario albogo de teixos, o máis grande de Europa. Os primeiros kilómetros facémolos en coche, agaveando polas encostas en ferradura, que persiguen ás pizarras en tódalas ladeiras. Este sábado, a primeiros de Agosto, ten a ventaxa de aforrarnos o ir e vir dos "Land-Rover" pizarreiros coas nubes de pó xunto dos cavorcos. Deixamos atrás a Ermida de San Xil. Á veira da pista das albarizas; nestas serras teñen as abellas un alimento de brezos e uceiras "con denominación de orixe" que garantiza o mel do futuro.


E chegamos axiña xunto dunha nave que garda pizarras, ó pé dun rego. É o momento de sacarlle partido ó almorzos, de comenzála camiñada a peito e perna, atacando unha encosta de moito condenado que tira dos primeiros suores. Pode que esto non sexa unha romería, pero estamolo pasando moi ben, a pulmón cheo (inda que ás veces un pouquiño afogado). Xa na altura de "O Coto" vemos o río Casaio, recién nado o val do Castaño, asosegado e estreitiño, enfiando unha repoboación de carballos.

Veña e sigue... agora acompañados dun pastor e das súas cabras que triscan nos vales do Castaño e do

Penedo. Xa na baixada pasamos xunto dunha mina de wolframio abandonada, "A Picota", e polo sendeiro, en ringleira india, chegamos ós prados que se deitan ó pé do noso TEIXADAL.

O teixo é unha árbore da familia das coníferas, de folia perenne, aliñada e falciforme, de cor verde intenso. Dín que as súas follas e sementes son nocentas pois conteñen un alcaloide tóxico. Os centos e centos de teixos que temos diante, mixturados con algúns carballos, bidueiros, ameneiros... son portentosos, por riba moitos deles dos 15/20 metros. Portentosos e vellos, algúns milenarios. As súas ponlas dobran e bican o chan.

Pero O TEIXADAL temos que velo e sentilo na súa espesura. Cando te internas no albogo, súbete un arrepío. É un espacio tenebroso, un reino de silencios, o territorio do bufo ensimismado e do lirón dormido. A miña imaxinación non precisa esforzo para voar e voar. Entre a ramaxe retorcida, xunto do bufo ensimismado ou do ratiño acochado... ¿aparecerán de súpeto os trasgos, o




gatipetro, a malpocada fadiña perseguida por unha bruxa nariguda? Eu, polo si ou polo non, canto baixiño para me facer compañía.

Con todo, a pesar deste anaquiño de medo, paga a pena chegar eiqüi. Se queredes ver o que poucos ven, esquencervos dos lugares comúns e programados dende fora de vós, si queredes cortar garabullións de salgueiros, recoller bagas de xenebro e raiceiras de "regaliz", si queredes admirar o vó do tecelán ou do falcón,

despertar a un lirón dormido, berrarlle a un "bichelocrego" ou sonar cunha fada, XA SABEDES O CAMIÑO. ¡Ah! E non vos esquezades de meterlle "marcha" á mochila, porque as fames que andan soltas por estas serras din que as espallou un "enano".

Até logo. Xa seguiremos camiñando.

Mapa e Dibuxos:
CARLOS AYMERICH



Pedagogía musical en Santiago

SALLY RIERSON

Dentro de las clases ofrecidas por el Conservatorio de Música de Santiago de Compostela hemos iniciado un programa prometedor de pedagogía musical. En dicho campo llevamos trabajando dos cursos y en este momento tenemos un grupo de primero y otro de segundo. Es halagüeño el creciente interés de nuestro alumnado (paralelo al experimentado últimamente en la enseñanza musical en muchos lugares en España) puesto que este curso el número de matriculados se ha triplicado. A continuación expondremos los objetivos del programa y como se estructuran las clases.

La clase se divide semanalmente en dos partes: una clase de teoría y estudio de la enseñanza, y en la segunda parte se requiere que cada alumno observe una clase práctica, a su elección; dentro de las clases del solfeo dadas en el Conservatorio. Como las clases del solfeo dentro del Conservatorio de Santiago están divididas por edades, se puede observar a una clase de niños de ocho a doce años, adolescentes, o adultos. De este modo tiene la elección de seguir un grupo en particular y ver su progreso durante el curso, o asistir a una variedad de grupos distintos para observar las diferencias de nivel y de habilidades dentro de varias edades. Así el alumno ve los pros y los contras de la enseñanza y además tiene la oportunidad de asistir a un planteamiento progresivo, desarrollado punto por punto, y ver su aplicación y resultados en la práctica.

Durante el primer curso de pedagogía introducimos una variedad de temas. Uno es el estudio de la enseñanza y su evolución, así como las modificaciones sufridas en la educación musical desde que Guido D'Arezzo inició el pentagrama de cuatro líneas y las sílabas de solfeo, hasta su desarrollo en el siglo actual donde la expresión corporal y la música folklórica son los aspectos más destacables de dicha educación. Otro es el conocimiento de un gran repertorio de canciones infantiles del folklore español y su aplicación en la clase. Otro tema que desarrollamos es el solfeo relativo, un método que está empleado en la mayor parte de Europa y en Estados Unidos. Se utiliza los grados de una escala dada y no las alturas absolutas para representar las sílabas de solfeo. Proporciona una orientación acerca de la tonalidad y los intervalos, dando la función armónica de cada grado dentro de la escala. En los países hispánicos aún se usa el método de solfeo absoluto, pero los principios del solfeo relativo y la importancia individual de cada grado propuesta dentro



de la escala pueden ser aprovechados y ampliados dentro del sistema de solfeo absoluto. Entonces, analizamos las ventajas del solfeo relativo y la aplicación de sus conceptos dentro del solfeo absoluto. También introducimos el manejo y uso de instrumentos percusivos, el montaje de numerosos juegos musicales, así como la aplicación de una disciplina constructiva que motiva al alumno a aprender, cómo lograr espontaneidad en la clase, y el aprovechamiento de las actitudes psicológicas del niño. Desarrollamos la enseñanza, a partir de la edad ideal (párvulo), centrada en lo rudimentos de la música dado que es necesario que un niño sepa expresarse con la música y empiece a ampliar su sentido del tiempo, ritmo y oído desde su iniciación musical. Así estudiamos las maneras en que se pueden promover estos y otros rudimentos con el fin de desembocar en el estudio de la lectura musical.

Durante el segundo año se sigue el desarrollo progresivo de los conocimientos musicales comenzando en el primer curso y enfocado a un nivel de niños de edad variable, que tengan una base de música ya formada. En segundo lugar, se estudian las doctrinas de numerosos pedagogos destacados que han influido en la evolución de la educación musical en Europa. Además citamos varios pedagogos españoles contemporáneos que contribuyeron al avance pedagógico en España y sus publicaciones. En tercer lugar aumentamos su repertorio de canciones folklóricas añadiendo ejemplos de música clásica para investigar materias más complejas y su uso dentro del estudio y enseñanza del solfeo. Ahora la investigación de la materia musical se enfoca no tanto en un repertorio adecua-

do para niños, como en una colección empírica de canciones que van aumentando en dificultad a la vez que el niño supera sus capacidades y conocimientos musicales.

En nuestra opinión, un profesor de música debe ser una persona que viva de su arte, siendo un músico bien formado y capaz de apreciar y expresarse profundamente con la música. Sólo así puede llegar a transmitir la belleza y el prodigio del arte musical en su modo de enseñar. Por ello, incluimos en el programa el desarrollo del oído musical a través de cánticos, el cantar a varias voces, el leer a primera vista y una gran práctica en el dictado musical. También se analiza el material musical en base a su fraseo, armonía y forma, dando al alumnado una visión más amplia de las estructuras globales de la música. Así, pretendemos proporcionar a nuestros alumnos un acercamiento tanto científico como valorativo de la música.

Cuando la música está bien presentada y desarrollada le resulta beneficiosa al niño porque facilita no sólo la autoexpresión y capacidad creativa, sino también la concentración, memoria, coordinación y apreciación del arte musical. En este mundo moderno de la radio, la televisión y el estéreo parece que la música nos rodea por completo. Pero es una actividad pasiva, un ambiente suministrado, y no una forma de expresión. El niño que no canta, ni baila, ni se identifica con la música está perdiendo una parte importantísima de su juventud que luego no se puede reconciliar. Con todo esto, intentamos preparar a nuestro alumnado para abrir caminos al niño en algo tan indispensable en su vida como es la música.

Cismando a reo

¿Música no transporte escolar?

VALENTIN ARIAS.

Hoye por hoye, e para ben ou para mal, que este é outro cantar que agora non cantaremos, milleiros e milleiros de rapaces galegos botan horas e máis horas ó longo de cada curso choídos nos autobuses do transporte escolar ese que aquí temos. ¿Ou seica non é certo? E estes autobuses do transporte escolar —autobuses ou o que eles sexan, algunhas veces—, polo regular levan aparato de radio e reproductor de cassetes co que se lles suministra música con outras audicións ós viaxeiros. ¿Conforme? ¡Pois non estaría mal se estivese ben, digo eu!



Para onde tiro coido que ven se me ve. Poñamos por caso. Se durante esta viaxe —que en moitas ocasións non é tan curta como podería ser— se vai martelando a reo nos oídos dos rapaces cunha gravación excitante a máis non poder, e estes batan a couce limpo contra canto atopan diante ou mesmo esgazan as fundas dos asentos, por exemplo, ¿el que responsabilidade se lles pode esixir moralmente ós nenos?

E a contraria, teño para min que tamén é certa. Digo, para que se me entenda polo dereito, ¿el non podería face-la Administración Educativa de Galicia un estudio serio e completo no tanto a determinar que clase de audicións (musicais, informativas, humorísticas, etc.) lles còmpan ós rapaces que van transportados nas actuais circunstancias para o colexio e do colexio, coa mira de que aproveiten estes o tempo do transporte educativamente, gravando logo un mangado de cintas cos motivos axeitados, que serían proporcionadas ós transportistas dos escolares, coias instrucións precisas para que se poñan estas en tódolos autobuses —ou o que eles sexan—, co ollo de que reciban os nenos unha educación musical acomodada ás súas necesidades, que mesmo poidan cantar a coro seguindo a cinta que se vai pasando, que se mergullen sinxelamente na cultura de noso, e que cheguen á clase ou á casa en condicións axeitadas para desenvolveren o traballo ou o papel que lles agarda?

Cantos me oiron falar deste lero concordaron conmigo de contado. E pois a cousa tan difícil non é. ¿Ou si? Dádelle voltas, e pensaredes: ¡mira que se nos puxéramos a face-lo ben!

Maxistérico

PEPE CARREIRO



Opinión

A declamación nos conservatorios

SANTIAGO FERNANDEZ

Segundo a definición que aparece nas enciclopedias, declamar é "falar ou recitar en voz alta un texto coa entonación axeitada e os acenos convenientes".

Fai mais de 42 anos que o Conservatorio Superior de A Coruña imparte clases de declamación. Moita xente non coñece o que significa declamación e aínda pensan algúns, xa poucos, que só serve para recitar **poesías**. Párecelles a outros que é un ensino galdosiano e que baséase soamente, e que non sería pouco, na utilización correcta da voz.

No conservatorio de A Coruña xa fai anos que isto está superado. Velaí, a modo de información, as asignaturas que se ensinan nos estudos de declamación:

- Ortografía e dicción (1 curso).
- Interpretación (3 cursos).
- Declamación (3 cursos).
- Literatura dramática (2 cursos).
- Historia do teatro (1 curso).
- Improvisación sen texto (1 curso).
- Caracterización (1 curso).

Son sete asignaturas que se reparten ó longo de tres cursos cun horario aproximado de oito horas semanais.

Como se ve o ensino da declamación non está referida ó traballo sóp da voz. Pódese dicir que, a pesares dos atrancos de tipo administrativo económicos, alleos á vida do conservatorio, existe un pequeno Instituto de Teatro que agroma cada ano e que espalla os seus coñecementos ós grupos de teatro profesionais e amadores, nutríndose, algúns deles, dos alumnos que escomenzaron a súa andadura artística nas clases de declamación deste conservatorio.

As nosas mellores voces da radiodifusión galega fixeron parte da súa aprendizaxe nas clases de declamación que impartía a recordada doña M.^a Luisa Durán Marquina.

Antes de que o Goberno galego apoiara e potenciara a creación do Centro Dramático, nas compañías profesionais o menguado número de actores de que dispoñían facía preciso

que os propios directores foran tamén actores daqueles espectáculos. Isto redundaba na calidade das montaxes. Non se podía dirixir con garantías de éxito cando tamén se tiña que traballar como actor.

Pensi que a cousa cambiaría cando a axuda administrativa e unha certa seguridade económica chegase á xente do teatro. Pero despois de asistir as dúas montaxes dos nosos Centro Dramático reafirmome na necesidade de que os nosos actores (nunca souben que en Galicia houbera tantos actores) adeprenda dunha vez a interpretación coa voz. E posible que a cantidade de actores se reconvirta en calidade.

O actor galego non é autóctono. Non hai unha escola de actores galegos. Non se sabe, en xeral, fala-la nosa linguaxe. A fonética, ritmo, dicción, modulación do galego está sen codificar nos taboados e nos medios de comunicación oral.

Así escoitamos verbas de Castelao con fonética de Valladolid. Un actor pode facer teatro sen precisar do autor nen do director. Mais ningún dos dous pode producir unha representación diante dun auditorio **sen actores**. ¿Cómo se fabrican actores na nosa terra? Pois "fichando" nunha **compañía de teatro**. Xa adeprenderá, se adeprende, co tempo. A escola de formación de actores en Galicia é a escola da imitación.

O traballo cos tonos graves, medios e agudos, a impostación da voz, o dominio da respiración, a relaxación dos músculos adicados á fala, o reforzamento da punta da lingua, o emprego de tonos vivos e atraintes, a flexibilidade dos beizos, a consecución dunha boa resonancia nasal, a claridade na fala, a multiplicación do volumen da voz, a corrección de patoloxías fonéticas (afonías, disfonías, voz eunucoide...) son algúns dos obxectivos que se empregan na clase de declamación de A Coruña. Vintetrés alumnos andan á adeprender isto e algo mais.

Libros

¡Sempre, sempre a televisión!

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

"La tele de Esteban". SUSIE MORGENSTERN. Editorial Altea. Colec. Altea Mascota. Ilustracións de Pef. Trad. Mauro Armiño. 53 páxinas. Para nenos a partir de 9 anos.

Realmente Susie Morgenstern, escritora de orixe estadounidense, pero nacionalizada francesa dende hai dezaseis anos, crea uns personaxes que se moven entre a aventura e o inxenio, no medio dun toque de humor, que fai que os seus libros sexan lidos sempre co sorriso nos beizos.

Non hai moito tempo que lin "¡No hay derecho!" (editorial La Galera) no que unha nena inxeníabas para se facer inmensamente rica a pesares das dificultades coas que se atopa. Libro cheo de humor e que lle serve á nosa autora para se burlar do desmesurado espírito comercial do mundo dos negocios.

Nesta ocasión imos falar do seu libro "La tele de Esteban" no que se topa unha vez máis o conflictivo tema de televisión. Nunha época na que a imaxe domina, co influxo de televisión é determinante na educación dos nenos. Este consúmen a moreas, dende os debuxos animados ata noxentos programas infantís, pasando por películas e concursos faltos de imaxinación. todo isto, dende logo, coa complacencia dos pais nuns casos, e a indiferencia noutros. Moito se ten escrito sobre a influencia da televisión e non vou ser eu quen insista abondo neste tema. De tódolos xeitos, tampouco quero deixar pasa-la oportunidade de dicir que o uso do aparato debe ser selectivo e endexamais algo que estea decote a bruar e a facer impertérritos escravos da imaxe, incapaces de acadar outros canles de cultura.

Centrándome un pouco no libro en cuestión, Esteban é un neno amante de ese aparatío máxico, que contén a vida enteira. Os seus pais, pola contra, téñenlle xenreira ó devandito cubo grisáceo, convencidos de que fai á xente lela e moitas outras cousas. Isto pode se-lo desencadeante da obsesión en que para Esteban se converte a televi-

sión, e que lle vai levar a unha inacabable aventura, que comenza cos aforros do protagonista para mercar unha televisión de oportunidade, deica chegar a colocala dentro do armario para poder ollala sen ser reprochado.

Todo farao el, nalgun intre mínimamente apoiado pola súa irmá, no medio dunhas situacións que gozan o absurdo, un dos camiños -o outro é o humor- polos que trata a autora de leva-la reflexión que o libro suscita.

Hai quen devora libros, revistas, tebeos... Esteban devora televisión e todo o que ten relación con ela. ¿Que fai o noso personaxe cando se ergue polas mañanciñas? Coller axiña o xornal para ler... ¡a programación televisiva do día! É o comenzo dunha obsesión cotiá, presente durante tódalas horas da xornada. O enfrentamento fascinación televisiva/convencimiento de que a televisión fai imbecil á xente, é claro e manifesto no libro. Esteban manexará tódolos fios ó seu alcance para conquero-lo seu obxectivo, o que lle levará a pasar por continuos avatares e a aviva-lo seu inxenio.

O ambiente que acolle o desenrolo da acción é tan real como a vida mesma. A televisión é o centro dos comentarios na rúa e na escola. Este diálogo, seguido dunha reflexión ou pensamento en voz alta, vén demostralo: "¿Viste la película de anoche?"

-Sí, era estupenda.

-¡Super!

-La grabaron en el vídeo.

Y él, ¿dónde estaba mientras todo el mundo se apretujaba, se emborrachaba delante de la pequeña pantalla?"

Libro, pois, real, imaxinativo, de aventuras e humorístico desta escritora, profesora de inglés informático en Niza, que pode servir para debater cos rapaces o apaixoante tema da televisión.

¡Ah, esquecíame! Os debuxos de Pef, en negro e azul, expresivos, cheos de vitalidade, xogan un papel, en moitos casos tan importantes coma o texto.

Concurso de FARO DE VIGO para escolares de 10 a 14 años

1.º-Podrán participar en este concurso todos los escolares de edades comprendidas entre los diez y catorce años. Podrán hacerlo a título individual o mediante el canal del colegio en que realizan sus estudios.

2.º-Los trabajos se presentarán en letra clara y legible, con una extensión mínima de un folio y máxima de tres, por una sola cara.

3.º-El tema será necesariamente referido a "LA MUJER" y podrá tratarse de una redacción escolar, una narración corta, o un comentario. Deberán de estar redactados en gallego o castellano.

4.º-Los trabajos se remitirán firmados por los alumnos, con el nombre, dirección, curso y colegio claramente especificados.

5.º-Se establecen los siguientes premios:

1.º-Un viaje a Disneyworld de cinco

Desde su sección semanal MULLERES y en colaboración con el suplemento de educación A PIZARRA, FARO DE VIGO convoca el PRIMER CONCURSO DE REDACCION Y NARRACIONES CORTAS SOBRE LA MUJER, que se regirá por las siguientes

BASES

días de duración, para el alumno ganador y un acompañante (Los gastos de este viaje comprenden desde la salida del ganador de su hogar hasta el regreso al mismo, corriendo a cargo de la organización del concurso los gastos de traslado, hospedaje y manutención del premiado y su acompañante). Este premio es gentileza de una institución oficial.

2.º-Un ordenador personal.

3.º-Un bicicleta.

4.º-Cinco lotes de libros para los trabajos clasificados en cuarto, quinto, sexto, séptimo y octavo lugar.

5.º-Doce bolsas de deportes, gentileza de FARO DE VIGO, para los tra-

bajos clasificados entre el noveno y veintavo lugar.

6.º-Se establece un premio consistente en una BIBLIOTECA BASICA que será entregada al colegio en que curse sus estudios el alumno ganador. FARO DE VIGO otorgará a los ganadores y sus colegios placas conmemorativas del concurso y de la clasificación en el mismo.

7.º-Los tres primeros trabajos ganadores serán publicados en la página semanal MULLERES de FARO DE VIGO y los diecisiete restantes, en función de la disponibilidad de espacio, serán igualmente publicados en MU-

LLERES o en A PIZARRA.

8.º-El plazo de admisión de originales finaliza el 21 de diciembre de 1985. El fallo del jurado será dado a conocer en la página MULLERES de 6 de febrero de 1986 y en A PIZARRA de 9 de febrero de 1986.

9.º-Los trabajos habrán de remitirse a FARO DE VIGO, concurso LA MUJER, apartado de correos 91. VIGO.

10.º-La entrega de premios se realizará en VIGO en fecha y local que oportunamente se anunciará.

11.º-El jurado será nombrado por la dirección de FARO DE VIGO entre personalidades del mundo de la enseñanza y la cultura gallega y dado a conocer en el momento del fallo.

12.º-Las decisiones del jurado serán inapelables.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

